



O grupo municipal do BNG en Celanova a través do seu concelleiro Leopoldo Rodríguez Puga, ó abeiro do disposto na LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALIZA e demais disposicións, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA FACER EFECTIVA A SOLICITUDE DE AXUDA DO PADROADO DA RESIDENCIA SAN CARLOS E A INCORPORACIÓN DUNHA REPRESENTANTE DESTA CORPORACIÓN ESE PADROADO** quedando á espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e, se procede, posterior aprobación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de setembro, o Padroado da Residencia San Carlos de Celanova rexistrou no Concello de Celanova un escrito que respondía punto por punto o acordo plenario adoptado por esta corporación o 23 de setembro para botar unha man ao centro de maiores.

O Padroado asume -case integramente- o contido daquel acordo que, lembramos, se tomou de maneira unánime e a través dunha moción conxunta presentada por todos os grupos da corporación como correspondía a unha demanda social tan estendida.

O urxente agora é responder ás necesidades da Residencia San Carlos que están sinaladas nese escrito e que son ben coñecidas por esta corporación. O acordo de hoxe non é máis que facer efectivo aquel de hai dous meses, pero debe ser rápido e preciso porque a situación sanitaria é de emerxencia e nin os maiores nin as traballadoras nin as familias das usuarias poden esperar polos recursos humanos e materiais que necesitan para se defender diante do virus.

Esta corporación sabe, e así se pronunciou naquel acordo, que ademais de achegar recursos ten que achegar capacidade de xestión e compromiso público. Por iso debe ficar resolta a designación da representante de todas e todos os concelleiros no padroado da San Carlos para que empece xa a traballar contando desde agora

mesmo coa colaboración e a fidelidade do BNG para desenvolver tan importante labor.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno Municipal a aprobar a axuda extraordinaria de 72.000 euros para a Residencia San Carlos de Celanova para que o pagamento se faga efectivo antes do 31 de decembro deste ano 2020.
2. Determinar nesta sesión a persoa designada para representar esta corporación no órgano reitor da Residencia, xunto á Alcaldía que xa figura en condición de membro nato.
3. Instar ao Goberno Municipal a que informe á veciñanza e o padroado da persoa designada para representar esta corporación no órgano reitor da Residencia, xunto á Alcaldía que xa figura en condición de membro nato.

Celanova ,17 de novembro de 2020

Asdo. Leopoldo Rodríguez Puga.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA.